



I.E.S. MONCHO VALCARCE  
Rúa José M<sup>a</sup> Penabad López s/n  
15320 As Pontes  
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748  
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



# PLAN DE CONVIVENCIA

*IES Moncho Valcarce*



I.E.S. MONCHO VALCARCE  
Rúa José M<sup>a</sup> Penabad López s/n  
15320 As Pontes  
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748  
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



1. XUSTIFICACIÓN.....	3
2. SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA DO CENTRO E DA SÚA CONTORNA.....	4
3. SITUACIÓN DA CONVIVENCIA .....	7
4. OBXECTIVOS.....	8
4.1. Obxectivos xerais	
4.2. Obxectivos para o alumnado	
4.3. Obxectivos para o profesorado	
4.4. Obxectivos para as familias	
5. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN ORIENTADOS Á PREVENCIÓN DE CONFLICTOS E Á CONSECUCCIÓN DUN ADECUADO CLIMA NO CENTRO.....	9
5.1. Procedementos de actuación para o alumnado.	
5.2. Procedementos de actuación para o profesorado.	
5.3. Procedementos de actuación para as familias.	
5.4. Procedementos de tipo organizativo.	
6. FUNCÍONS, DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN CANTO Á CONVIVENCIA ESCOLAR .....	13
7. CRITERIOS DE ACTUACIÓN RESPECTO AO ALUMNADO CON ALTERACÍONS CONDUTUAIS QUE DIFICULTAN A CONVIVENCIA ESCOLAR.....	13
8. PROCEDEMENTOS DE IDENTIFICACIÓN DE SITUACÍONS DE ACOSO ESCOLAR E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN .....	14
9. NORMAS E PROCEDEMENTOS PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLITOS.....	15
10. OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA .....	15
11. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	16



## 1. XUSTIFICACIÓN

Este proxecto ten o seu fundamento no decreto da Xunta de Galicia 85/2007 do 12 de abril de 2007 (DOG 88/2007) e na orde do 17 de xullo de 2007, (DOG 143/2007). O decreto trata da organización e funcionamento do Observatorio da Convivencia Escolar nos centros educativos (artigo 7), e a orde detalla as funcións da dinamización da convivencia escolar (artigo 12).

O proxecto relaciónase directamente coa Lei Orgánica 2/2006 de Educación onde se establece como un principio e fin a educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica. Contempla tamén a educación na eliminación da violencia nos ámbitos persoal, familiar e social, así como o exercicio da tolerancia. E no seu artigo 121.2 indica textualmente que “*o proxecto educativo de cada centro debe recoller un plan de convivencia que deberá respectar os principios recollidos na devandita lei (...).*”

Así mesmo ten tamén fundamento na Lei 4/2011 do 30 de xuño de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa que no artigo 10.1 establece que *o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 desta lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia.*

Entendemos, polo tanto, que un Plan de Convivencia, co gallo de optimizar o clima escolar, debe dar a coñecer e promover os valores fundamentais dunha sociedade democrática, como son:

- a) O respecto por un mesmo e polos demais.
- b) O respecto polos espazos comúns e o mobiliario que nel se contén.
- c) O coñecemento, o respecto e a intervención sobre o medio natural e social, en especial aquel próximo ao noso centro educativo.
- d) O coñecemento e o respecto dos dereitos individuais e colectivos, con especial atención a aqueles que se refiren á non discriminación por cuestións de sexo, raza ou identidade sexual.
- e) O coñecemento, a participación e o respecto das normas e institucións que presiden o funcionamento das sociedades democráticas, en especial daquelas referidas á educación.

Neste sentido, entendemos que o Plan de Convivencia debe promover e poñer en valor comportamentos que se baseen en:

- a) O fomento das relacións entre alumnado, familias e o persoal do centro.
- b) A convivencia pacífica e solidaria.
- c) A igualdade de oportunidades e a cooperación.
- d) O razoamento e a equidade no tratamento dos conflitos.
- e) A resolución dos conflitos mediante un diálogo asertivo.
- f) A comunicación rápida e transparente dos acordos ás partes afectadas e ós demais membros da comunidade educativa.

Tendo en conta a estes principios básicos, desenvolveremos a seguir as medidas preventivas, reeducadoras e sancionadoras que consideramos máis axeitadas, tendo en conta a diferente situación de partida, a tipoloxía do noso alumnado e a diversidade de conflitos que xorden na relación diaria.



## 2. SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA DO CENTRO E DA SÚA CONTORNA

Cómpre constatar, nada máis comezar este informe, que a situación demográfica e económica dos cinco municipios dos que tomamos estudantes (As Pontes, As Somozas, A Capela, Monfero e Xermade) revélase dramática. Segundo os datos do Instituto Nacional de Estadística (INE) os cinco municipios perden poboación de xeito acusadísimo nos últimos quince anos. Este retroceso vai do 12% que rexistra As Pontes (duns 12.500 habitantes no 1996 até pouco máis de 11.000 no 2011) ao salvaxe descenso de Xermade, que perde un cuarto da súa poboación para o mesmo período (de 2900 a 2100 habitantes).

A regresión da natalidade, indica que a situación non mellorará nos anos vindeiros. Tomemos, por exemplo, os datos das Pontes. No ano 2011, para o grupo de 25 anos de idade, tiñamos no 2011 un total de 171 efectivos. Os nados en 1996 eran 66. Nunha tendencia contraria á do conxunto de España, a situación non mellora na última década: por tomarmos un dato –e non o peor– os efectivos no grupo de 5 anos eran 64.

A reconversión industrial –que reduciu en case tres cuartos o cadro de persoal da central térmica pontesa– iniciada nos anos noventa e o fenómeno xeral de despoboamento que afecta á Galiza rural desde os anos sesenta explican esta situación de baleirado demográfico do noso entorno. Se temos en conta que a poboación galega aumentou –quer que fose timidamente– durante o mesmo período, comprenderemos que as perspectivas para a nosa comarca no actual contexto de crise económica son, pura e simplemente, aterradoras.

Enténdese así a progresiva diminución do número de estudantes no noso centro. Se a mediados dos noventa o centro chegou a contar con máis de setecentas/os alumnas/os, hoxe en día o número está arredor dos trescentos. A diminución do alumnado repercute en positivo sobre a conflitividade: é posíbel reducir o número de alumnas/os por materia (o número habitual anda entre os quince e os vinte e cinco) e, mesmo, para os propósitos deste plan, atender individualmente, coa debida calma, os conflitos que poidan xurdir entre os membros da comunidade educativa.

Outro aspecto interesante para o noso plan é a distribución por sexos. As mulleres fan case o 60% das persoas que compoñen a nosa comunidade educativa: son case dúascentas fronte a algo menos de cento cincuenta homes. A maioría feminina trasládase a todos os sectores da comunidade educativa (entre o alumnado son máis de cento cincuenta contra cento vinte e cinco alumnos), se ben a diferenza é especialmente notoria no que se refire a PAS e profesorado: trece homes fronte a trinta e sete mulleres.

Trasládase esta proporción aos órganos do centro ou é necesario implementar políticas de xénero que animen á participación feminina? Comprobamos que en case todos os órganos de goberno do centro é evidente a maioría feminina. Tomemos o caso do Consello Escolar: das dezoito persoas que o compoñen no curso 2011/12, trece son mulleres. A maioría feminina obsérvase en todos os estamentos representados: tres alumnas sobre un alumno, seis profesoras por ningún profesor... O único órgano de goberno onde existe maioría masculina é o Equipo Directivo (tres homes e unha muller), se ben é verdade que, até o curso actual, a súa composición foi paritaria.



I.E.S. MONCHO VALCARCE  
Rúa José M<sup>a</sup> Penabad López s/n  
15320 As Pontes  
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748  
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Consideramos entón que a maioría feminina tradúcese adecuadamente nos órganos de goberno. Isto non quere dicir que non sexa necesario deseñar políticas de xénero, especialmente entre o alumnado. A experiencia diaria entre as/os estudantes indícanos que, ben que cada vez máis erosionados, seguen vixentes os estereotipos de xénero propios das sociedades patriarcais tradicionais.

Outra fonte de conflitos podería ser o idioma. Segundo os datos que figuran no noso Plan Lector (son, xa que logo, datos referidos ao curso 2010/11) o galego é a lingua máis habitual entre o noso alumnado: algo máis de catro de cada dez alumnos declaran preferir o galego nas súas comunicacións, namentres un terzo opta polo castelán. Restaría un cuarto do alumnado que afirma usar ambas linguas indistintamente.

Ben é certo que estes datos non nos deben ocultar as marcadas diferenzas entre o alumnado procedente da zona urbana e da rural. Namentres o galego é absolutamente maioritario nas zonas rurais (tomemos por exemplo o alumnado da Capela, que se declara monolingüe en galego en máis dun 80%), a metade do alumnado da parroquia de Santa María das Pontes (maioritariamente urbano, posto que se trata da parroquia onde se insire a vila das Pontes) afirma usar só o castelán: só un de cada cinco empregan o galego como lingua exclusiva.

Tamén se observa unha certa diferenciación por sexos. A porcentaxe de castelán-falantes monolingües é menor entre os rapaces (25%) do que é entre as rapazas (36%). No que se refire á evolución dos usos lingüísticos, os nosos datos non permiten falar dunha perda de falantes de galego: a menor presenza de monolingües en galego no curso 2010/11 dábase en 4º da ESO (32%) e a maior entre os de 2º (máis da metade).

As disparidades entre o alumnado rural e o vilego non se reducen só ao idioma. As diferenzas de nivel socioeconómico e cultural entre uns e outros non se lle escapan a ninguén do centro. Se ben non adoitan causar conflitos, si é certo que a procedencia do alumnado marca en certa medida as relacións que establecen cos seus pares e mesmo predispoñen en certa medida ao profesorado.

Hai que sinalar que, neste sentido, somos un centro claramente diferenciado doutros centros de ensino secundario das Pontes, cuxo alumnado procede en boa medida da vila. A isto xúntase o alumnado que chega ao noso centro en 1º de Bacharelato procedente do CPI Monte Caxado. En ocasións téñense apreciado certas disonancias que afectan á cohesión do grupo entre este novo alumnado e aquel que xa cursara no noso centro a ESO.

Outro aspecto peculiar do noso centro con respecto aos centros de secundaria da contorna é a presenza de inmigrantes. No curso 2010/11 o noso centro contaba con vinte e cinco alumnas/os procedentes do estranxeiro: o 8% do total do noso estudantado. Parecerá unha porcentaxe baixa, mais situada no contexto galego, en que os inmigrantes son o 4% da poboación total, ou na contexto municipal (os estranxeiros supoñen o 2,5% da poboación total das Pontes segundo datos do INE), as cifras acadan outra dimensión.

Pensemos que, sempre segundo datos do INE, había en 2011 corenta e oito estranxeiras/os menores de 16 anos censadas/os nas Pontes: dezaseis estaban escolarizadas/os no noso centro. Do



I.E.S. MONCHO VALCARCE  
Rúa José M<sup>a</sup> Penabad López s/n  
15320 As Pontes  
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748  
CIF: Q-6555531-J



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



total do noso alumnado estranxeiro, dous terzos proviñan de Latinoamérica. As dificultades deste alumnado residen máis no ámbito académico (dificultades lingüísticas, adaptación a un novo sistema educativo...) ca nun verdadeiro problema de discriminación. Se ben entre o alumnado local perviven algúns dos tópicos negativos que rodean á inmigración, o certo é que, até o de agora, isto non se traduciu nunha actitude vexatoria cara o alumnado inmigrante, que está, en liñas xerais, integrado cos seus pares.

Cumpriría tratar nesta análise do nivel de ingresos e estudos das familias do noso alumnado. Por desgraza, carecemos dun rexistro que nos permita tirar conclusións fiábeis. Traballaremos cos datos que extraemos da Avaliación de Diagnóstico do curso 2010/11, entendendo que, como moito e sempre con enormes reservas, poderán extrapolarse aos demais cursos da ESO. A falta de datos seguros, a experiencia cotiá indica que as/os estudantes de Bacharelato proceden a miúdo das familias con máis posibilidades culturais e económicas, polo que non nos atrevemos a extrapolar os datos da Avaliación de Diagnóstico ao resto etapa educativa.

A partires destes datos, a Consellaría de Educación asígnanos como referencia ISEC (Índice Socioeconómico) o nivel medio. Resulta do máis estraño, posto que ao repasarmos os datos de estudos dos proxenitores destas/es corenta alumnas/os enquisadas/os só dúas nais resultan ter estudos universitarios. Ademais hai nove con estudos de FP ou semellante. O nivel profesional non é mellor: só vinte e unha poderían considerarse técnicas/os superiores ou operarias/os cualificadas/os. O desemprego afectaría a algo menos do 10% dos proxenitores, unha taxa que se pode considerar baixa no contexto económico actual. Así mesmo, un cuarto das nais traballan no fogar, ocupación na que non se rexistra ningún pai.

Estes datos han de tomarse con precaución. Moitas/os cativas/os afirman descoñecer a profesión ou o nivel de estudos do seus proxenitores. Con todo, teñamos en conta que –así o afirma a nosa experiencia cotiá– en moitas ocasións isto indica ben un baixo nivel educativo e profesional, ben –por duro que resulte– situacións en que un dos proxenitores se desentende do coidado das/os fillas/os.

Pódense extrapolar estes datos a outros cursos? A verdade é que, como veremos a continuación, acórdanse bastante cos que obtemos do IGE (Instituto Galego de Estatística) e do INE.

Destaquemos primeiro o baixo nivel educativo da zona e unha forte diferenciación entre as áreas rurais e a vila das Pontes. O número de titulados superiores (incluíndo neste nivel os Ciclos Superiores e antigos FP II e FP III) non pasan do 17% da poboación que se rexistra no concello da Capela e baixan até o 6% nas Somozas. O número de persoas que non completaron estudos secundarios é moi significativo nas áreas rurais (tres cuartos da poboación nas Somozas), aínda que quizais haxa que atribuílo ao forte avellentamento da poboación que se rexistra nas áreas rurais. Porén, no concello das Pontes este número baixa até un terzo da poboación. É moi significativo que nas Pontes, a pesares de non haber un número notábel de titulados superiores (16% da poboación), case a metade teñen unha titulación media (incluíndo nesta categoría estudos secundarios, ciclos medios e títulos de FP equivalentes).



En canto á situación laboral hai que significar que a presenza da central térmica e de numerosos polígonos industriais determinan a existencia dun forte proletariado industrial. Nas Pontes os ocupados na industria e construción pasan da terceira parte da poboación activa. Nas Somozas mesmo pasan da metade dos ocupados. Con todo, á luz dos datos sobre o nivel de estudos que antes trazamos, trátase de proletariado industrial de baixa cualificación. E de novo, revélanse fortes diferenzas entre o ámbito rural e o urbano: mentres As Somozas ten un nivel de renda que non pasa do 90% da media galega, entre tanto As Pontes está no 110% (datos do 2002).

Destaquemos, por último, que a comarca parece de momento estar a resguardo dos problemas de desemprego que atacan o país. Á altura de decembro de 2011, segundo datos do INEM o paro rexistrado nos concellos dos que recibimos alumnado estaban un pouco por enriba do 10% da poboación activa. Comparándoo cos niveis próximos ao 15% do paro total que se rexistraba en Galiza a finais de ano, comprenderemos que a situación, se grave, é mellor que no resto do país.

### 3. SITUACIÓN DA CONVIVENCIA

Sendo susceptíbel de mellora, non se observan problemas de conduta moi graves no noso centro. Estes aparecen principalmente nos primeiros cursos da ESO, e fundamentalmente con alumnos pouco motivados polos estudos. Esta conflictividade vai desaparecendo a medida que avanza os cursos, en especial no Bacharelato.

Até o momento, xa que logo, non aconteceron feitos que alteren gravemente a convivencia. Prodúcese, iso si, desaxustes e condutas contrarias ás Normas de Organización e Funcionamento (en adiante, NOF) aprobadas polo centro no curso 2011/12. É preciso corrixir estas condutas disruptivas porque interrompen o normal desenvolvemento das clases, afectan negativamente ao clima de convivencia, deterioran materiais e recursos do centro e son moitas as ocasións en que desembocan casos de fracaso escolar.

A práctica totalidade dos conflitos resólvense co diálogo dentro do marco en que xorden, sen necesidade de empregar recursos ou servizos alleos ao centro. Entendemos que todos os sectores da comunidade educativa aprecian positivamente o feito de empregar o diálogo como medio para resolver as situacións conflictivas. Polo tanto, ante a aparición de ditas situacións, tratouse sempre de recorrer ao diálogo nestas direccións:

- a) Diálogo entre iguais.
- b) Diálogo profesor/a – alumna/o.
- c) Diálogo titor/a – alumna/o.
- d) Diálogo Director/a ou Xefa/e de Estudos – titor/a.
- e) Diálogo Director/a ou Xefa/e de Estudos – alumna/o.
- f) Diálogo Director/a ou Xefa/e de Estudos – profesor/a.

Cando o diálogo resulta insuficiente ou cando a conduta –ben que as súas consecuencias se emenden ou minimicen mediante o diálogo– require dalgún tipo de corrección, aplícanse medidas punitivas, tales como:

- a) Correccións nos períodos de lecer.



- b) Realización de tarefas reparadoras en horario non lectivo.
- c) Suspensión do dereito á asistencia a determinadas clases.
- d) Suspensión do dereito de asistencia ao centro polo período de tempo estipulado nas NOF.

Que necesidades detectamos en relación á mellora da convivencia escolar? En primeiro termo, a formación do profesorado en resolución de conflitos. A complexidade dalgúns casos e a aparición de novas condutas negativas relacionadas coas novas tecnoloxías fan necesaria unha formación permanente a través de cursos, obradoiros ou grupos de traballo que sexan útiles e realistas e nos que se implique a meirande parte do persoal do centro. Este tipo de accións formativas deberían estar dirixidas fundamentalmente ao fomento da convivencia, á detección precoz dos conflitos, á resolución pacífica dos mesmos e á identificación de situacións de acoso.

Ao tempo, o claustro do centro necesita achegar posturas e concretar pautas de actuación común na resolución de conflitos. Na práctica escolar observamos que as/os profesoras/es dan respostas moi diferentes a situacións conflitivas semellantes, que poden ir desde ignorar o conflito até reaccións sobredimensionadas. Esta disparidade é evidente que non axuda a que o alumnado decida sobre a adecuación ou inadecuación do seu comportamento. A adquisición de protocolos comúns require dun acordo dialogado entre o profesorado, dun compromiso de aplicación e dunha actualización constante que revise a utilidade deste protocolo.

En terceiro lugar, queremos incrementar a cooperación entre profesorado e familias na educación das/os súas/seus fillas/os. Xa for nos órganos colexiados de goberno do centro, na ANPA ou no seguimento cotiá do desempeño escolar do alumnado, as familias deben implicarse en maior medida na tarefa educativa.

Con estes tres obxectivos básicos melloraría o coñecemento das normas de convivencia por parte do profesorado, as familias e o alumnado. Estamos convencidos de que a participación activa de toda a comunidade educativa, en especial do alumnado, na fixación e revisión das normas de convivencia axiña diminuiría a conflitividade.

## 4. OBXECTIVOS

### 4.1. Obxectivos xerais

- a) Concienciar aos membros da comunidade educativa da necesidade de coñecer e respectar os dereitos e deberes do alumnado, profesorado, persoal de administración e servizos e das familias.
- b) Concienciar aos membros da comunidade educativa na importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación de ensino-aprendizaxe.
- c) Considerar o conflito como algo inherente á vida cotiá e susceptíbel de ser utilizado como medio de aprendizaxe na busca de solucións baseadas en actitudes democráticas e dialogadas.
- d) Dotar á comunidade educativa de instrumentos para unha detección e resolución pacífica de conflitos.





#### 4.2. Obxectivos para o alumnado

- a) Concienciar da importancia da participación na vida do centro.
- b) Crear a conciencia de xustiza, respecto e tolerancia necesaria que deriven nun clima de convivencia adecuado para a aprendizaxe.
- c) Favorecer as situacións e órganos colexiados nos que o alumnado participa na fixación e avaliación das normas de convivencia, así como na resolución de conflitos.

#### 4.3. Obxectivos para o profesorado

- a) Concienciar ao profesorado do centro para a participación activa na dinamización da convivencia escolar.
- b) Motivar ao alumnado a que interiorice a cultura do diálogo e a mediación.
- c) Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de todas/os os alumnas/os no centro.
- d) Procurar para o profesorado unha formación realista e útil na resolución de conflitos.
- e) Considerar a convivencia non só como aspecto organizativo ou unha mera aplicación de medidas disciplinarias, senón como competencia educativa social que pase a formar parte da formación do alumnado.
- f) Axilizar as actuacións necesarias ante un conflito de convivencia no instituto.
- g) Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade, moi en especial daquelas interdisciplinares.

#### 4.4. Obxectivos para as familias

- a) Lograr unha colaboración mais estreita co centro na dinamización da convivencia escolar.
- b) Tomar conciencia da importancia da implicación familiar na resolución dos conflitos.

### 5. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN ORIENTADOS Á PREVENCIÓN DE CONFLICTOS E Á CONSECUCCIÓN DUN ADECUADO CLIMA NO CENTRO

A prevención e intervención dos problemas de conduta debe facerse dende unha perspectiva global, buscando una escola inclusiva que vexa a diversidade como una fonte de enriquecemento e superando as barreiras mentais simplificadoras.

Os conflitos son unha oportunidade para aprender a construír novos modelos mentais, adaptando o currículo, as estruturas e os recursos ás necesidades educativas do alumnado. A titoría e orientación deben, entón, ter protagonismo, dedicando o tempo necesario para desenvolver o Plan de Acción Titorial, no que se integran as seguintes ideas eixo:



### 5.1. Procedementos de actuación para o alumnado.

Como reiteramos ao longo destas páxinas, cómpre que o alumnado coñeza ben as normas se queremos conseguir un clima de convivencia adecuado. É por isto que, a principio de curso, desenvolveranse actividades dentro do Plan de Acción Titorial destinadas ao coñecemento das NOF por parte do alumnado. O titor/a aproveitará estas actividades para trasladar ao alumnado aqueles puntos das NOF que máis lle poidan afectar.

Así mesmo, o alumnado debe coñecer as canles que ten para expresar o seu parecer sobre cuestións que afecten á convivencia ou propoñer modificacións nos documentos do centro, como as NOF. As/Os representantes do alumnado no Consello Escolar e no Observatorio da Convivencia son as persoas máis adecuadas para exercer de portavoces dos requirimentos das/os súas/seus compañeiras/os. Complementariamente desenvolveranse dentro do Plan de Acción Titorial actividades destinadas a coñecer as diferentes formas de participar na dinámica do centro ( Elección de delegados e delegadas, representantes no Consello escolar nos cursos en que proceda...)

Nesta liña a Xefatura de Estudos promoverá tamén o funcionamento da Xunta de delegadas/os, establecendo as reunións periódicas que se consideren oportunas a fin de convertela nunha canle de información e participación eficiente.

Outro aspecto interesante –que atinxe tanto a alumnado como a profesorado– e o traballo de actividades que fomenten a convivencia e os valores, fundamentalmente nas horas de titoría, mais tamén en calquera outra materia. Débese, polo tanto, promover a educación en valores dándolle máis importancia no currículo escolar a cuestións tales como as habilidades sociais e de comunicación, a tolerancia, a igualdade de xénero, a educación intercultural, a solución de conflitos...

Como exemplo, o Plan de Acción Titorial do centro levará a cabo as seguintes actuacións:

- Programa de Intelixencia Emocional en 1º da ESO
- Programa de habilidades sociais en 2º da ESO
- Solución de Conflictos Interpersoais en 3º da ESO
- Celebración do Día escolar da Paz e a Non Violencia

A educación en valores faise dun xeito implícito en tódalas áreas curriculares, segundo o estilo educativo e o talante que utilice o profesorado. A súa escala de valores e a do alumnado, maniféstase especialmente na forma de pensar, sentir e actuar diante dun conflito. Na actualidade, o noso centro xa vén realizando en colaboración cos Servizos Sociais do Concello das Pontes e outros organismos, programas de prevención da drogadicción, da violencia de xénero e dos riscos das redes sociais, de sensibilización sobre as condicións de vida no Terceiro Mundo, etc.

Por último, para favorecer a integración do alumnado que se incorpora ao centro en 1º de ESO promoverase a súa titorización por parte doutros alumnos/as cara a conseguir que estes novos alumnos teñan un referente máis próximo que o profesorado e para resolver dúbidas e problemas que puidesen xurdir.



## 5.2. Procedementos de actuación para o profesorado.

En liña coas actividades que vimos de mencionar, é necesario que o profesorado incorpore ás súas programacións de aula contidos de educación en valores que teñan relación cos contidos da súa materia. Asemade, é importante que se desenvolvan na aula contidos que permitan traballar a competencia social e cidadá.

É obriga do profesorado coñecer as NOF e explicárllelas ao seu alumnado, sempre que este o requira. Se ten a oportunidade promoverá o debate sobre calquera aspecto da convivencia. Debe entón –e moi especialmente as/os titoras/es– recoller as dúbidas e suxestións do alumnado e trasladalas aos órganos oportunos. Ao tempo que o profesorado actúa como axente regulador da convivencia, aplicando e propoñendo melloras nas actuacións para a resolución de conflitos, debe tamén activar a participar nese mesmo sentido dos restantes membros da comunidade educativa.

Debemos procurar a *Unificación de Criterios*; Ao profesorado titor, asesorado polo departamento de orientación, correspóndelle a unificación de criterios de actuación de todo o equipo docente. É moi importante que as consecuencias das condutas sexan sempre as mesmas con todo o profesorado. As discrepancias entre o mesmo facilitan as condutas manipuladoras do alumnado. O traballo colaborativo do equipo docente é a mellor ferramenta de prevención dos problemas dos alumnos e alumnas e da “síndrome do profesor queimado”. Se unificamos os criterios do centro educativo e da familia, a súa evolución empezará a ser máis relevante.

Debemos tamén procurar un Estilo Educativo Asertivo; A superación do autoritarismo e o permisivismo esixe un estilo educativo que integre normas, diálogo e autonomía.

Para isto serían pois recomendables actitudes e modos de actuar como os seguintes:

-Crear un contexto de diálogo á hora de facer valoracións públicas e privadas sobre o comportamento e os resultados académicos dos alumnos e alumnas. O profesor procurará facilitar a análise dos problemas e propoñerá estratexias para a súa solución.

-Sería tamén necesario ter en conta as circunstancias familiares permanentes ou transitorias (separación de pais, accidentes, hospitalizacións... ) que inciden nos aspectos emocionais do alumnado e que poden traer como consecuencia problemas na convivencia. Nestes casos cómpre contactar individualmente cos alumnos e alumnas que teñen estes problemas e mostrar interese e apoio.

-Debemos tamén valorar nos alumnos e alumnas as capacidades prácticas, emocionais e vitais que posúan e non soamente os aspectos teóricos das materias (que para algúns e algunhas poden ser inalcanzables)

-Sería importante tamén expor, no contacto con pais e nais, os aspectos negativos (mellorables) e resaltar os avances que se produzan, por pequenos que sexan, para favorecer a ilusión polo cambio.

-Non debemos olvidar que a conduta mellora se, ademais da razón, atendemos tamén ás emocións e aos sentimentos do alumnado.



-Coa idea de mellorar a convivencia e atallar situacións de conflito dentro da aula, a dirección do centro creará unha Aula de Convivencia (AC), sempre que os recursos materiais e humanos do centro o permitan. O protocolo de funcionamento da mesma será o recollido no documento de Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOF).

### **5.3. Procedementos de actuación para as familias.**

Do mesmo xeito que xa referimos para o alumnado, é fundamental logramos que as familias estean implicadas na mellora da convivencia escolar. Amais da súa representación na ANPA, o Consello Escolar e o propio Observatorio da Convivencia, no noso centro celébrase todos os anos, ao inicio do curso, unha reunión con presenza do Equipo Directivo e as/os titoras/es.

Aparte doutras cuestións de orde académica, nesta reunión, as familias, ademais de recibir unha guía con información sobre o funcionamento xeral do centro, son informadas dos puntos principais das NOF, recóllense as súas suxestións e dúbidas sobre o funcionamento do centro e solicítase a súa colaboración tanto para a prevención como para o tratamento das condutas contrarias á convivencia. Estas reunións adoitan contar coa presenza dunha parte significativa dos responsábeis das/os alumnas/os e son especialmente útiles para aquelas/es que se incorporan ao noso centro.

Promoveranse actividades formativas que poidan repercutir positivamente na boa convivencia entre todos os sectores educativos do centro, tanto para os alumnos e alumnas como para o sector de pais e nais, tentando que ditas actividades formativas sexan coincidentes en canto ao que a temas se refire, de maneira que o efecto educativo se potencie. (Por exemplo: acoso para alumnos e alumnas e o mesmo tema en charla para pais e nais).

Procurarase que os titores manteñan contacto coas familias dos seus titorandos/as, especialmente coas de aqueles que amosen problemas de conduta ou aprendizaxe. A comunicación titor/a –familia vese tamén favorecida polo uso da Axenda Escolar do centro, no caso do alumnado de 1º e 2º da ESO.

### **5.4. Procedementos de tipo organizativo.**

*Nomeamento de titores/as:* Recoñecendo a función relevante do titor para mellorar a convivencia no centro sería desexable plantexar uns criterios de carácter pedagóxico consensuados sobre como levar a cabo a adscrición das titorías, con especial atención á asignación dos titores e titoras para os grupos do primeiro ciclo.

En todo caso, esta declaración de intencións expresada no parágrafo anterior estará supeditada ás necesidades organizativas do centro e ao estipulado nas disposicións legais vixentes.

*Formación de grupos:* Procurarase formar os grupos de alumnados o máis heteroxéneos posibles. Ademais, cos alumnos novos no centro, terase en conta o centro de procedencia para que non se sintan estraños; os alumnos repetidores distribuiranse contando co asesoramento da xefa do departamento de Orientación.



*Atención á diversidade:* É o primeiro factor de prevención da violencia. O alumnado con problemas de conduta presenta a miúdo atraso escolar, dada a súa escasa motivación pola aprendizaxe. Nestes casos, é conveniente avaliar a necesidade de tomar algunhas das medidas de atención á diversidade que recolle a lexislación vixente. En todos os casos hai que adaptar a tarefa escolar ás súas características persoais.

*Reunións de equipos educativos:* Fixaranse reunións dos titores e titoras coa orientadora e tamén co equipo docente; a primeira sería a Avaliación Inicial. Para mellorar a operativa destas reunións, o profesor tutor do grupo solicitará de todos os docentes información por escrito sobre posibles problemas detectados, dinámicas negativas do grupo - aula, e una proposta de posibles solucións. Todas estas achegas serán avaliadas polo tutor, deixando para a Xunta de Avaliación Inicial a discusión e establecemento das conclusións e actuacións conxuntas acordadas.

*Xornada de acollida no centro:* Realizarase para os alumnos e alumnas dos centros adscritos coa finalidade de dar a coñecer o centro e as súas instalacións. Nesta xornada de acollemento participarán membros do equipo directivo e a xefa do departamento de orientación e contará, na medida do posible, coa colaboración dos titores e alumnado de 1º da ESO.

## **6. FUNCÍONS, DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN CANTO Á CONVIVENCIA ESCOLAR**

As funcións, dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa en canto á convivencia escolar, aparecen recollidas no documento de Normas de Organización e Funcionamento do centro, aprobado polo Consello Escolar.

## **7. CRITERIOS DE ACTUACIÓN RESPECTO AO ALUMNADO CON ALTERACIÓNS CONDUTUAIS QUE DIFICULTAN A CONVIVENCIA ESCOLAR**

Tanto as medidas correctoras ante as distintas condutas contrarias á convivencia como as actuacións complementarias figuran no capítulo VI das NOF.

## **8. PROCEDEMENTOS DE IDENTIFICACIÓN DE SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN**

Como sinalábamos no apartado 5 do capítulo VI das NOF, cómpre establecer un protocolo de actuación unha vez que situacións graves, como o acoso, están documentadas e probadas. Asemade, é preciso traballar na súa prevención e diagnose.

Antes de nada débense diferenciar claramente os casos de acoso doutro tipo de manifestacións violentas (sen continuidade no tempo, sen inferioridade dalgunha das persoas participantes...) dos



casos de verdadeiro acoso escolar. As situacións de acoso veñen definidas pola coincidencia simultánea de:

- a) Intención manifesta do acosador de facer dano.
- b) Condutas agresivas reiteradas por parte do acosador.
- c) Acusado desequilibrio de forzas entre o acosador e a vítima.

Calquera membro da comunidade educativa ten a obriga de poñer en coñecemento do equipo directivo do centro a posíbel existencia de indicios razoábeis dunha situación desta caste. Trala detección realizarase unha recollida de información e contraste da mesma, que permita tomar a decisión máis axeitada a cada caso concreto e verificar que se trate dunha situación de acoso escolar.

O procedemento de recollida de información seguirá a seguinte orde:

- a) Comunicación da situación á Dirección.
- b) A Dirección levará a cabo as indagacións ou entrevistas que estime necesarias ás partes implicadas, familias e testemuñas da situación.
- c) A Dirección dará inicio á actuación empregando o Anexo I.3.
- d) A Dirección facilitará ao profesorado afectado o Anexo II para que nun prazo de dous días lectivos se lle devolva cumprimentado.
- e) A Dirección, á vista dos informes (Anexo II) cumprimentados polo profesorado, decidirá sobre a necesidade de continuar co proceso citando á familia da/o alumna/o para solicitarlle que cumprimente o Anexo III continuando así co procedemento.
- f) A Orientadora do centro actuará, a instancias da Dirección, en todo ou parte do procedemento, facendo labores de asesoramento e apoio.

Unha vez constatado que realmente se está ante un caso de acoso escolar, os pasos a seguir serán estes:

- a) A dirección do centro redactará un informe (Anexo IV) no que se reflectan os datos significativos recollidos na investigación, que se remitirá á Inspección Educativa e á Fiscalía de Menores.
- b) A dirección do centro manterá informado do proceso que se está a seguir ao Consello Escolar e ao Observatorio da Convivencia do centro.
- c) O expediente seguirá o curso establecido na lexislación vixente e nas NOF, tal e como se detalla no apartado 4.2 do capítulo VI.
- d) O centro arbitrará medidas de actuación, complementarias ás correctivas, que permitan paliar os efectos negativos da situación de acoso e eviten que se repita. Para a organización das mesmas terase en conta a información recollida ao longo do proceso de investigación coa idea de adaptalas ás particularidades de cada caso. Estas actuacións levaranse a cabo coa vítima, cos agresores e coas persoas observadoras en particular, e, dun xeito máis global, con toda a comunidade educativa. Involucrarán a todas as persoas ou institucións que poidan



**I.E.S. MONCHO VALCARCE**

Rúa José M<sup>a</sup> Penabad López s/n

15320 As Pontes

Tel: 981 451351 Fax: 981 440748

CIF: Q-655531-J



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



contribuír positivamente: equipo directivo, titorías, profesorado, departamento de orientación, familias, persoal non docente, equipos de orientación específicos, servizos sociais, Fiscalía de Menores...

- e) Estas actuacións deberán ser coñecidas polo Consello Escolar, que valorará a súa eficacia.

## **9. NORMAS E PROCEDEMENTOS PARA A RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**

As normas e procedementos para a resolución dos conflitos, como xa sucedía para o capítulo 6 deste mesmo Plan de Convivencia, recóllense no documento de Normas de Organización e Funcionamento do centro.

## **10. OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA**

Seguindo o decreto 85/2007 constitúese no noso centro o Observatorio da Convivencia coas seguintes funcións fundamentais:

- a) Participar na dinamización do plan de convivencia do centro e na mediación escolar.
- b) Elaborar un informe anual sobre a análise da convivencia e conflictividade, así como sobre as iniciativas a nivel de centro. Este informe será trasladado ao Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.
- c) Coordinar actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionadas coa mellora da convivencia.
- d) Elaborar un protocolo de acollida do alumnado inmigrante, no que se inclúa a figura do/a alumno/a titor/a, a avaliación dos currículos educativos dos países de orixe das/os alumnas/os, o seguimento e avaliación da situación socioeducativa das/os alumnas/os estranxeiras/os que se incorporan co curso xa iniciado, sesións de información para o alumnado estranxeiro sobre o sistema educativo español e o Espazo Europeo de Educación Superior e cantos outros aspectos se consideren oportunos.
- e) Propoñer á Administración todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.

O Observatorio da Convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Este órgano estará integrado por nove membros: o/a Director/a (que actuará en calidade de presidente/a), a Xefa/e de Estudos (en calidade de vicepresidenta/e), tres profesoras/es, o/a orientador/a, un/unha alumna/o, un/unha pai/nai, e a/o representante dos PAS.



**I.E.S. MONCHO VALCARCE**  
Rúa José M<sup>a</sup> Penabad López s/n  
15320 As Pontes  
Tel: 981 451351 Fax: 981 440748  
CIF: Q-6555531-J



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



## **11. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA**

Como até o de agora, tamén no seguimento e avaliación do Plan de Convivencia trataremos de implicar a todos os estamentos da comunidade educativa. Pensamos que son os órganos colexiados de goberno do centro os máis capacitados para detectar as súas necesidades e propoñer emendas que revertan nunha mellora constante do clima de convivencia escolar.

Vexamos entón as liñas mestras da participación dos órganos colexiados:

A través da Xunta de Delegados, o Equipo Directivo recollerá as suxestións do alumnado relativas á convivencia. Será entón o ED o encargado de propoñer as correccións que se acorden aos demais membros da comunidade educativa nos órganos pertinentes. A Xunta será tamén fonte de información e debate daqueles aspectos que afecten ao conxunto do estudantado.

O Claustro servirá tamén para a presentación e debate das suxestións do profesorado en relación á convivencia. O ED encargarse entón de informar dos seus acordos aos demais órganos de goberno do centro.

Ademais, os membros da comunidade educativa terán en todo momento a posibilidade de trasladar as súas suxestións sobre a convivencia por medio dos seus voceiros nos órganos de goberno.

O ED dará conta ao Observatorio da Convivencia das decisións disciplinarias que tome. En base a esta información, o Observatorio da Convivencia redactará o seu informe anual sobre a situación da convivencia no centro, propoñendo cantas medidas estime oportunas para a súa mellora. O ED trasladará as conclusións deste informe á Xunta de Delegados, o Claustro e o Consello Escolar, sendo este último quen aprobará o informe –que será incluído na Programación Xeral Anual– e quen estimará a conveniencia de realizar modificacións no Plan de Convivencia, nas NOF ou en calquera outro documento do centro, sempre co obxectivo de mellorar a convivencia escolar.

**Este documento foi aprobado polo Consello Escolar en sesión ordinaria celebrada o 10 de abril de 2013.**